

Manuel Ferreiro: «Pondal estivo preocupado por que a súa memoria ficase viva»

[Patricia Blanco](#) 04 dec 2017

No ano de centenario da morte do bardo Manuel Ferreiro di que cómpre achegarse sen prexuízos ao poeta

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2017/12/04/manuel-ferreiro-pondal-estivo-preocupado-sua-memoria-ficase-viva/0003_201712G4P27994.htm

O lingüista e escritor Manuel Ferreiro (Begonte, Terra Chá, 1955) é o maior estudoso de Eduardo Pondal. Nada menos que tres obras arredor del publicou neste ano de centenario da morte do bardo. Unha é *Eduardo Pondal, o cantor do eido noso* (Laiovento), con catro ensaios: unha pequena biografía, un traballo sobre o Himno, outro sobre *Os Eoas* e un cuarto sobre a lingua literaria en Pondal. Van seguidos dunha antoloxía de cartas que o escritor recibiu ou escribiu, pois Ferreiro está convencido de que ilustran a súa figura, a súa obra e a Galicia da época. O volume conclúe coa entrevista que La Voz lle fixo en 1912, a única que se ten. A segunda das obras é unha antoloxía xeográfica promovida dende a Deputación, *Esta é a terra dos eidos amigos*, dada a importancia do territorio na poesía de Pondal. Finalmente, *Os cantos eran da patria*, é unha antoloxía da que tiñan ganas na Fundación Pondal e que publicou a Academia: 120 poemas organizados tematicamente e con notas «para que calquera puidese seguir a poesía», achegarse a un poeta que «entregou a súa vida á construción dunha obra ao servizo da redención da súa patria, da nación galega».

-Que valoración fai deste ano de centenario da morte do bardo?

-Fíxéronse cousas, iniciativas persoais ou da Fundación Pondal, pero boto de menos unha implicación institucional. Non se percibe que se fixese nada especial, cando é un dos pais da patria.

-Chega tarde o recoñecemento no Congreso? No Parlamento...

-Hai que ser construtivos. Se chega agora, tirar para adiante.

-Que se podería ter feito?

-Era fácil ter feito unha exposición que circulase por todo o país, porque Pondal deixou os suficientes elementos para compoñer unha mostra moi digna del e da súa época. Doutro lado, as institucións culturais e científicas poderían ter organizado un magno congreso, similar ao que se realizou no centenario do nacemento de Rosalía, que marcou un antes e un despois. Construír

a grande biografía de Pondal xa non depende tanto das institucións, senón de que haxa persoas dispostas, e tamén editores.

-Estiveron as editoriais á altura?

-Que eu saiba, só Laiovento me publicou a min un libro, pero non coñezo que saíse ningunha outra obra específica sobre Pondal. Estamos nunha crise editorial.

-Pondal tiña medo de ser esquecido? Á luz dalgún verso...

-Pondal estivo preocupado toda a súa vida por que a súa memoria ficase viva, que a obra que el concibiu ao servizo do pobo galego fose lida e tida en conta no seu tempo, pero tamén nos tempos de hoxe. Nese poema que dita na pensión La Luguesa dous ou tres meses antes de morrer, explica ben o que é a súa obra.

-Cumpriuse a súa vontade?

-[Suspira] Non vivimos bos tempos. Continúa a ser moi necesario que os galegos e galegas volvamos ler o que os nosos antepasados escribiron, e nomeadamente aqueles que entregaron a súa vida a que a nosa patria non desaparecese. Probablemente se reflexionaría, e moitas actitudes poderían variar: poderíamos construír ou reconstruír unha patria que está en perigo.

-Que é Pondal na súa vida?

-Comecei a traballar con Pondal un pouco de casualidade, como un traballo académico, investigador, facendo o doutoramento. Eu nin sequera son bergantiñán, son chairego, e moi rexionalista. Sinto que a miña patria de orixe é esa, pero recoñezo que teño unha fraqueza especial por Bergantiños, e foi a partir de Pondal. Para el Bergantiños era Galicia. Cando dedicas moitas horas, días, semanas, meses e anos a traballar sobre un autor acaba habendo unha especie de identificación. Pondal é un home complexo e non todo me gusta na mesma medida, claro. Mais síntome satisfactoriamente acompañado por el.

-En que público cómpre incidir?

-Eu pensaría na mocidade. O himno é a expresión cantada da nación. Descubrirían moitos rapaces que Pondal segue falando para eles, como Rosalía. Redescubrir Pondal, achegarllo á xente, debería ser un obxectivo que as institucións galegas dignas de levar tal nome deberían ter. Hai unha descuberta cando nos achegamos aos clásicos sen prexuízos.

-Foi xusta a historia con el?

-A historia nunca é xusta abondo cos grandes homes e as grandes mulleres do pasado. Ou polo menos poucas veces. O pobo galego debería aprender a recoñecer o traballo dos que nos precederon. Somos o que somos porque outros homes e mulleres, antes ca nós, entregaron a vida á causa galega.